



As obras suporán preto de 60.000 euros segundo o Concello de Nigrán. As mesmas integran un plan de mellora da seguridade viaria deseñado polo goberno socialista. Nesta intervención as obras beneficiarán a Panxón (Camiño da Area, Arquitecto Palacios, Paraviñal), San Pedro (Manuel Misa), Priegue (Camiño do Monte) e Nigrán (Casás, Carballiños, Seixas Alto).

"Unha das prioridades deste goberno é a mellora da seguridade viaria nas parroquias e estas son obras que non supoñen gran custe económico e que, pola contra, benefician a centos de veciños", argumenta o alcalde Juan González.

Neste senso a administración arranca o ano coa contratación das obras de asfaltado en oito viais do municipio por un total de 56.332,88 euros e o pintado da estrada de Chandebrito por 2.371 euros.

Concretamente, serán pavimentadas en Nigrán a Rúa do Casás, Carballiños e Seixas Alto; en Panxón, Paraviñal, Arquitecto Palacios e Camiño da Area; en Priegue o Camiño do Monte e, finalmente, en San Pedro a rúa Manuel Misa. No caso da estrada de Chandebrito procederá ao seu pintado dende Fragoselo (onde arranca o término municipal de Nigrán) e ata o núcleo da parroquia.

"Tramo actualmente sen liñas e por tanto perigoso, xa que a visibilidade nesta zona resulta en moitas ocasións especialmente complicada", explican.

O Concello de Nigrán arranca o ano co anuncio de novas contratacións a prol da seguridade vial.

Escrito por Redaccion @valminorinfo
Domingo, 03 Xaneiro 2016 22:16

Engaden que todas estas obras, cun prazo de execución dun mes, serán financiadas íntegramente con cartos procedentes da Deputación de Pontevedra "grazas a súa nova política de devolver aos concellos o remanente resultante das baixas que se producen nas licitacións de traballos", sinalan.

"Unha das prioridades do goberno é a mellora da seguridade viaria nos camiños e estradas das diferentes parroquias e, neste caso, se trata de lugares moi transitados en nun estado moi deficiente, polo que consideramos prioritario a súa renovación. Son obras que non supoñen gran custe económico e que, pola contra, benefician a centos de veciños", explica Juan González, alcalde de Nigrán.

Afiman que segundo o propio informe técnico, "todos estes viais e camiños se atopan moi deteriorados debido precisamente ao uso intenso que deles fan os veciños e que se manterá no futuro".

Lembran que nos últimos meses o Concello de Nigrán asfaltou e acondicionou tres rúas na parroquia de Camos por importe de 79.454 euros (Milisozas, Lodeiro e Rial), a Avenida Praia América incluíndo o acceso á subida de Montelourido ou Laxes en Chandebrito. Ademais, procedeuse á contratación, entre outras, das obras de mellora da seguridade viaria en Alcalde Manuel Alonso e Vilameán (Nigrán); en Priegue (rúa Rouxo , Condomínguez e Antonexas) ou en Panxón (Espinosa, Gondomar e Area Alta). "Seguiremos nesta liña ao longo destes catro anos porque realmente somos conscientes de que moitas rúas están en mal estado e precisan ser reparadas", admite González.